

Acta da Comisión Permanente do día 7 de maio de 2025

Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 07/05/2025
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 07/05/2025
- III. Solicitudes de recoñecemento de créditos.

Ábrese a sesión, en segunda convocatoria, ás 13 horas Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de febreiro de 2025.

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión.

2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.

A Presidenta indica que se achegou unha solicitude de un estudante do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos para o recoñecemento de créditos optativos por cursos realizados na *Universidad Nebrija*. Aclara que no artigo 1.2 do Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación se indica o seguinte:

“Para aplicar o presente regulamento, consideraranse actividades universitarias as que, sendo organizadas ou coorganizadas pola Universidade de Vigo ou por unha institución de educación superior coa que se teña asinado o correspondente convenio de recoñecemento mutuo, contribúan ao desenvolvemento persoal e á formación integral do estudiantado de xeito complementario aos seus estudos.”

Dado que non existe o convenio requirido, propónse desestimar a solicitude e informar ao estudante do procedemento que debe seguir.

Apróbase a proposta por asentimento emitíndose, por tanto, informe desfavorable para o recoñecemento solicitado (Anexo III).

3. Rogos e preguntas.

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13 horas e 8 minutos do día de hoxe, do que como secretario dou fe en Vigo, a sete de maio de dous mil vinte e cinco.

Vº e Prace
A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba

ANEXO I

Convocatoria da Comisión Permanente do 07/05/2025

Asunto: Convocatoria ordinaria da Comisión Permanente da EEME

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Comisión Permanente da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía para o mércores, 7 de maio de 2025, ás 12:30 h en primeira convocatoria e as 13:00 h en segunda.

A reunión terá lugar na [Sala de Xuntas 1](#) da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía **no Campus Remoto** (*), e se tratarán os seguintes puntos na orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 19 de febreiro de 2025.
2. Aprobación, se procede, de solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de recoñecemento de créditos, de ampliación de matrícula, de matrícula a tempo parcial, etc.
3. Rogos e preguntas.

Vigo, 30 de abril de 2025
O Secretario

Guillermo García Lomba

(*) **Indicacións:** acceder á sala do Campus Remoto como estudantado coa **contrasinal 1DLD6QsL (eLe-De-Ele-De-6-Qu-ese-Ele)** e indicando o nome completo. Para a acreditación e control de asistencia é imprescindible activar a cámara ao inicio da sesión. En caso de non dispor de cámara prégase comunicalo por email ao secretario (eme.secretaria@uvigo.es) que lle indicará o método de acreditación complementario.

A TODOS OS MEMBROS DA COMISIÓN PERMANENTE DA EE DE MINAS E ENERXÍA

CSV : GEN-dc60-e343-716a-efb7-e1a4-0281-66db-0343

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 30/04/2025 16:04 | NOTAS : F



ANEXO II

Asistentes á Comisión Permanente do 07/05/2025

Asistentes á Comisión Permanente do 7 de maio de 2025	
Presidente da Comisión	
Elena Alonso Prieto	
Secretario da Comisión	
Guillermo García Lomba	
Subdirector/a	
María Araújo Fernández	
Profesorado	
Fernando García Bastante	
Eduardo Giráldez Pérez	
Beatriz Guitián Saco	
Javier Taboada Castro	
Javier Vijande López	
Estudantes	
-	
PAS	
M ^a Carmen Romo Pérez	

ANEXO III

Solicitudes de recoñecemento de créditos